MEMORIA FUNCIONAL DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DA CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

No Diario Oficial de Galicia núm. 73, do 14 de abril de 2024, publicouse o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. E no Diario Oficial de Galicia núm. 81, do 24 de abril de 2024, publicouse o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

No Diario Oficial de Galicia núm. 101, do 27 de maio de 2024, publicouse o Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, e que foi modificado polo Decreto 202/2024, do 4 de novembro (Diario Oficial de Galicia núm. 41, do 28 de febreiro de 2025) e polo Decreto 16/2025, do 10 de marzo (Diario Oficial de Galicia núm. 51, do 14 de marzo de 2025). Con anterioridade, a estrutura orgánica da consellería estableceuse polo Decreto 113/2022, do 16 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública (Diario Oficial de Galicia núm. 120, do 23 de xuño de 2022), e que foi modificado polo Decreto 127/2023, do 31 de agosto (Diario Oficial de Galicia núm. 171, do 8 de setembro de 2023) e polo Decreto 11/2024, do 11 de xaneiro (Diario Oficial de Galicia núm. 18, do 25 de xaneiro de 2024).

Nos seguintes apartados, detállanse os cambios que se introducen nos postos da vixente RPT, que foi publicada por Resolución do 27 de outubro de 2017 (DOG núm. 210, do 6 de novembro de 2017), xunto coas modificacións publicadas por Resolución do 26 de decembro de 2017 (DOG núm. 2, do 3 de xaneiro de 2018), por Resolución do 9 de abril de 2018 (DOG núm. 74, do 17 de abril de 2018), por Resolución do 30 de abril de 2018 (DOG núm. 89, do 9 de maio de 2018), por Resolución do 13 de xuño de 2019 (DOG núm. 112, do 14 de xuño de 2019), por Resolución do 31 de xullo de 2020 (DOG núm. 160, do 11 de agosto de 2020), por Resolución do 30 de xuño de 2022 (DOG núm. 126, do 4 de xullo de 2022), por Resolución do 3 de marzo de 2023 (DOG núm. 48, do 9 de marzo de 2023), e por Resolución do 26 de decembro de 2023 (DOG núm. 3, do 4 de xaneiro de 2024).

Os cambios da estrutura orgánica relativos aos postos de nivel 28 ou superior complétanse na presente proposta con outras modificacións que afectan a postos de menor nivel. Nos distintos centros directivos da consellería prodúcense unha serie de creacións, modificacións e supresións de postos na procura dunha mellor prestación do servizo público e co obxectivo de avanzar na eficacia e eficiencia no traballo.

Respecto daquelas xefaturas de servizo para as que se establece como forma de provisión a libre designación nesta modificación da RPT, isto realízase de conformidade coa Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG número 44, do 4 de marzo de 2016). Para o resto de xefaturas de servizo que xa teñen establecida como forma de provisión a libre designación e que non vén afectadas pola presente proposta de modificación da RPT, a xustificación do criterio correspondente xa se recolleu na tramitación das modificacións da RPT correspondentes.

Así mesmo, naqueles postos de traballo que se indican nos diferentes apartados modifícanse os complementos específicos en aplicación do previsto na Disposición Adicional Décimo Quinta ("Medidas de homologación retributiva aplicables a determinadas escalas de persoal funcionario") da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 (Diario Oficial de Galicia núm. 251, do 31 de decembro de 2024), que establece o seguinte:

"*Un. Atendendo a razóns de homologación retributiva, e tendo en conta as condicións particulares dos postos de traballo derivadas da súa especial dificultade técnica, dedicación e responsabilidade, os complementos específicos dos postos de traballo de nivel 30 de complemento de destino da escala de letrados e letradas da Xunta de Galicia, dependentes funcionalmente da Asesoría Xurídica Xeral, equipáranse economicamente aos complementos específicos dos postos de letrada e letrado de nivel 30 de complemento de destino previstos na relación de postos de traballo do Consello Consultivo de Galicia. Os complementos específicos dos postos de traballo da escala de letradas e letrados da Xunta de Galicia de nivel 28 experimentarán unha adecuación retributiva que garanta que as retribucións totais experimentarán unha variación igual en termos porcentuais á experimentada nas retribucións totais dos postos de nivel 30 da escala de letrados e letradas da Xunta de Galicia.*
Dous. Atendendo ás razóns expostas no punto un anterior, os complementos específicos dos postos de traballo de nivel 30 de complemento de destino que desempeñen funcións encomendadas á escala superior de finanzas da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no cadro correspondente do punto 1 da disposición adicional oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, equipáranse economicamente aos complementos específicos dos postos de auditor e de auditora de nivel 30 de complemento de destino e 28 de complemento específico previstos na relación de postos de traballo do Consello de Contas de Galicia. Os complementos específicos dos postos de traballo das escalas superior e técnica de finanzas de nivel 28 que desempeñen as funcións indicadas nos cadros correspondentes dos puntos 1 e 2 da disposición adicional oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, adecuaranse aplicando a porcentaxe de variación indicada para o complemento específico do nivel 30 ponderada pola proporción existente entre os específicos do nivel 28 e do nivel 30 recollidos no Anexo de persoal.
Tres. O establecido nos puntos un e dous aplicarase con efectos económicos desde o 1 de xaneiro do ano 2025, e entenderase sen prexuízo da correspondente adaptación das correspondentes relacións de postos de traballo, que se deberá producir necesariamente no momento da primeira modificación que se efectúe delas, unha vez que entre en vigor esta lei."

1.- SECRETARÍA XERAL TÉCNICA E DO TESOURO

Como consecuencia da nova estrutura orgánica da consellería e da Xunta de Galicia, é necesario reorganizar a Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro e os postos que dela dependen.

Así, logo da supresión da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro e a asunción das súas competencias pola Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro, incorpóranse a ela a Subdirección Xeral de Política Financeira (antiga Subdirección Xeral de Planificación e

Operacións Financeiras, Entidades Financeiras e Corporacións Locais) e a Subdirección Xeral do Tesouro.

Ademais, como consecuencia da asunción das competencias en materia de xogo, incorpóranse á Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro, procedentes da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Subdirección Xeral de Xogo e o Servizo de Xogo.

E, trala asunción das competencias en materia de patrimonio pola Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, pasan a ela a Subdirección Xeral do Patrimonio e a Subdirección Xeral de Xestión Económico-Patrimonial das Entidades Instrumentais do Sector Público Autonómico, procedentes da antiga Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio.

A continuación expóñense os cambios propostos.

Creacións

Na Vicesecretaría Xeral créase o posto de traballo Xefatura de Sección II, código FC.C02.00.001.15770.033, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2/C1, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Contratación.

Na Subdirección Xeral de Apoio Técnico-Xurídico créase o posto de traballo Xefatura de Sección II, código FC.C02.00.002.15770.013, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2/C1, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Técnico-Xurídica.

Na Subdirección Xeral do Tesouro créase o posto de traballo Servizo da Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia, código FC.C02.00.004.15770.032, de nivel 28, con forma de provisión libre designación, aberto aos subgrupos A1/A2, aberto en corpo/escala a xeral / XSF (escala superior de finanzas) / XMF (escala técnica de finanzas), con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG). As características do posto son as mesmas que as do antigo Servizo de Tesouraría e da Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta xefatura de servizo ten ao seu cargo a constitución, custodia e devolución dos depósitos e fianzas constituídos nos servizos centrais da Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia. En consecuencia, ten unha especial responsabilidade á hora de decidir se se aceptan ou non as garantías que se pretenden constituír a favor da Comunidade Autónoma de Galicia, así como a súa custodia e acordar a súa devolución, polo que se xustifica a forma de provisión de libre designación, de conformidade coa Instrución Cuarta ("*1. Especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada da Xunta de Galicia. A especial responsabilidade fundaméntase en que os responsables deste tipo de información deben extremar a confidencialidade e discreción por enriba do exixido a calquera funcionario, pois a súa difusión pode supoñer problemas de seguridade para a propia Xunta de Galicia*" e "*5. Especial responsabilidade por garantir a protección de datos persoais. A especial responsabilidade baséase na facultade de decisión sobre os sistemas e procedementos garantes do cumprimento do dereitos amparados pola normativa de protección de datos de carácter persoal*") da Resolución do 25 de febreiro de

2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG número 44, do 4 de marzo de 2016).

Na Subdirección Xeral de Xogo, para a realización das funcións de coordinación dos postos de carácter administrativo no ámbito dos departamentos territoriais, créase o posto de traballo Xefatura de Sección III, código FC.C02.00.005.15770.015, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG).

Modificacións

Tendo en conta as funcións que ten a Vicesecretaría Xeral, de conformidade co artigo 6 do Decreto 141/2024, e que abranguen tanto a suplencia da persoa titular da Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro, como a súa asistencia en cantos asuntos lle encomende para a coordinación dos servizos, así como actuacións con enfoque transversal, a coordinación en materia orzamentaria, actuacións de réxime interno ou a coordinación das relacións con outras administracións públicas, o posto de traballo denominado Vicesecretaría Xeral, código FC.C02.00.001.15770.001, pasa a estar aberto en corpo/escala a Xeral, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ao resto das súas características.

O posto de traballo Xefatura de Sección, código FC.C02.00.001.15770.031, pasa a denominarse Xefatura de Sección I, como consecuencia da creación na Vicesecretaría Xeral do posto de traballo Xefatura de Sección II, código FC.C02.00.001.15770.033.

A Subdirección Xeral do Patrimonio e a Subdirección Xeral de Xestión Económico-Patrimonial das Entidades Instrumentais do Sector Público Autonómico pasan á depender da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.

Como consecuencia, dentro do centro de destino Subdirección Xeral de Apoio Técnico-Xurídico, todos os postos de traballo cambian o seu código, pasando de ser FCC0200003 a ser FCC0200002, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ao resto das súas características.

Ademais, como consecuencia da creación do posto de traballo Xefatura de Sección II, código FC.C02.00.002.15770.013, o posto de traballo Xefatura de Sección, código FC.C02.00.002.15770.011 (antigo código FC.C02.00.003.15770.011), pasa a denominarse Xefatura de Sección I, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ao resto das súas características.

Incorpóranse á Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro os postos de traballo da antiga Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.

Así, o posto de traballo Posto Base Subgrupo C2, código FC.C05.00.000.15770.006, dependente da antiga Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, pasa a depender da Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro, co código FC.C02.00.000.15770.018, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ao resto das súas características.

Incorpóranse como novos centros de destino da Secretaría Xeral Técnica e do Tesouro a Subdirección Xeral de Política Financeira (antiga Subdirección Xeral de Planificación e Operacións Financeiras, Entidades Financeiras e Corporacións Locais) e a Subdirección Xeral do Tesouro, procedentes da antiga Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.

O centro de destino Subdirección Xeral de Planificación e Operacións Financeiras, Entidades Financeiras e Corporacións Locais pasa a denominarse Subdirección Xeral de Política Financeira. E, dentro del, o posto de traballo Subdirector/a Xeral de Planificación e Operacións Financeiras, Entidades Financeiras e Corporacións Locais, código FC.C05.00.001.15770.001, pasa a denominarse Subdirector/a Xeral de Política Financeira, con código FC.C02.00.003.15770.001, e, tendo en conta as funcións que desenvolve en materia económica e financeira, pasa a estar aberto en corpo/escala a XSF (escala superior de finanzas), e, en aplicación do previsto na Disposición Adicional Décimo Quinta da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, modifícase o complemento específico deste posto de traballo, sen que estas modificacións afecten á ocupación do posto nin ao resto das súas características.

Ademais, agás o posto de traballo Servizo de Planificación Financeira (que se suprime), dentro do centro de destino Subdirección Xeral de Política Financeira todos os postos de traballo cambian o seu código, pasando de ser FCC0500001 a ser FCC0200003, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ao resto das súas características.

Dentro do centro de destino Subdirección Xeral do Tesouro, todos os postos de traballo da Subdirección Xeral do Tesouro cambian o seu código, pasando de ser FCC0500002 a ser FCC0200004, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ao resto das súas características.

E, para unha mellor organización desta subdirección xeral, realízanse as modificacións que se indican nos seguintes postos dependentes directamente da subdirección xeral, sen que afecten á ocupación dos postos nin ao resto das súas características:

- O posto de traballo denominado Xefatura de Sección de Pagamentos Organismos e Axencias Públicas, código FC.C05.00.002.15770.005 (que pasa a ser FC.C02.00.004.15770.005), pasa a denominarse Xefatura de Sección I.

- O posto de traballo denominado Xefatura de Sección Ordenación de Pagamentos, código FC.C05.00.002.15770.006 (que pasa a ser FC.C02.00.004.15770.006), pasa a denominarse Xefatura de Sección II.

- O posto de traballo denominado Xefatura de Sección de Tesourería, código FC.C05.00.002.15770.009 (que pasa a ser FC.C02.00.004.15770.009), pasa a denominarse Xefatura de Sección III.

- O posto de traballo denominado Xefatura de Negociado, código FC.C05.00.002.15770.007, pasa a denominarse Xefatura de Negociado I, código FC.C02.00.004.15770.012.

- O posto de traballo denominado Xefatura de Negociado, código FC.C05.00.002.15770.019, pasa a denominarse Xefatura de Negociado II, código FC.C02.00.004.15770.019.

Así mesmo, na Subdirección Xeral do Tesouro, o posto de traballo Servizo de Tesouraría e da Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia, código FC.C05.00.002.15770.028, pasa a denominarse Servizo de Tesouraría, con código FC.C02.00.004.15770.028, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ao resto das súas características.

E pasa a depender do novo Servizo da Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia o posto de traballo denominado Xefatura de Negociado, código FC.C05.00.002.15770.010 (que pasa a ser FC.C02.00.004.15770.035), sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ao resto das súas características.

Incorpóranse, procedentes da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Subdirección Xeral de Xogo e o Servizo de Xogo, xunto cos postos de traballo que se indican a continuación. Deste xeito, créase como novo centro de destino a Subdirección Xeral de Xogo. E dentro del, o posto de traballo Subdirector/a Xeral de Xogo e Espectáculos Públicos, código PR.C06.00.003.15770.001, pasa a denominarse Subdirector/a Xeral de Xogo, con código FC.C02.00.005.15770.001, sen que estas modificacións afecten á ocupación do posto nin ao resto das súas características.

Ademais, dentro da Subdirección Xeral de Xogo, incorpóranse os postos de traballo que se indican a continuación, que cambian o seu código, pasando de ser PRC0600003 a ser FCC0200005, e nalgúns casos a denominación, sen que estas modificacións afecten á ocupación dos postos nin ao resto das súas características:

- Secretario/a Subdirector/a Xeral, código PR.C06.00.003.15770.002, que pasa a ter o código FC.C02.00.005.15770.002.
- Xefatura Negociado Administrativo I, código PR.C06.00.003.15770.005, que pasa a ter o código FC.C02.00.005.15770.005.
- Xefatura Negociado Administrativo III, código PR.C06.00.003.15770.007, que pasa a denominarse Xefatura Negociado Administrativo II e a ter o código FC.C02.00.005.15770.007.
- Xefatura Servizo de Xogo, código PR.C06.00.003.15770.010, que pasa a ter o código FC.C02.00.005.15770.010.

- Xefatura Sección de Sancións, código PR.C06.00.003.15770.011, que pasa a denominarse Xefatura de Sección I e a ter o código FC.C02.00.005.15770.011.
- Xefatura Sección de Autorizacións, código PR.C06.00.003.15770.013, que pasa a denominarse Xefatura de Sección II e a ter o código FC.C02.00.005.15770.013.
- Inspector/a Xogo, código PR.C06.00.003.15770.020, que pasa a ter o código FC.C02.00.005.15770.020.
- Inspector/a Xogo, código PR.C06.00.003.15770.021, que pasa a ter o código FC.C02.00.005.15770.021.
- Posto Base Subgrupo A1, código PR.C06.00.000.15770.100, que pasa a ter o código FC.C02.00.005.15770.100.
- Inspector/a Xogo, código PR.C99.10.000.15001.232, que pasa a ter o código FC.C02.00.005.15001.005.
- Inspector/a Xogo, código PR.C99.10.000.15001.233, que pasa a ter o código FC.C02.00.005.15001.006.
- Xefatura Negociado Administrativo I, código PR.C99.10.000.15001.234, que pasa a ter o código FC.C02.00.005.15001.007.
- Xefatura Negociado Administrativo II, código PR.C99.10.000.15001.235, que pasa a ter o código FC.C02.00.005.15001.008.
- Inspector/a Xogo, código PR.C99.10.000.27001.141, que pasa a ter o código FC.C02.00.005.27001.005.
- Inspector/a Xogo, código PR.C99.10.000.27001.142, que pasa a ter o código FC.C02.00.005.27001.006.
- Inspector/a Xogo, código PR.C99.10.000.32001.125, que pasa a ter o código FC.C02.00.005.32001.005.
- Inspector/a Xogo, código PR.C99.10.000.32001.126, que pasa a ter o código FC.C02.00.005.32001.006.
- Posto Base Subgrupo C2, código PR.C99.10.000.32001.035, que pasa a ter o código FC.C02.00.005.32001.008.
- Inspector/a Xogo, código PR.C99.10.000.36001.115, que pasa a ter o código FC.C02.00.005.36001.005.
- Inspector/a Xogo, código PR.C99.10.000.36001.116, que pasa a ter o código FC.C02.00.005.36001.006.
- Xefatura Negociado Administrativo II, código PR.C99.10.000.36001.119, que pasa a denominarse Xefatura Negociado Administrativo e a ter o código FC.C02.00.005.36001.007.
- Xefatura Negociado I, código PR.C99.40.000.36560.003, que pasa a ter o código FC.C02.00.005.36560.005.
- Xefatura Negociado II, código PR.C99.40.000.36560.004, que pasa a ter o código FC.C02.00.005.36560.006.

Como consecuencia, dentro do centro de destino Subdirección Xeral de Análise e Coordinación, o posto de traballo Subdirector/a Xeral de Análise e Coordinación, código FC.C02.00.005.15770.001, cambia o seu código, que pasa a ser FC.C02.00.006.15770.001, e, en aplicación do previsto na Disposición Adicional Décimo Quinta da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025,

modifícase o complemento específico deste posto de traballo, sen que estas modificacións afecten á ocupación do posto nin ao resto das súas características.

E, dentro do centro de destino Subdirección Xeral de Estudos, o posto de traballo Subdirector/a Xeral de Estudos, código FC.C02.00.006.15770.001, cambia o seu código, que pasa a ser FC.C02.00.007.15770.001. Ademais, atendendo ás súas funcións, que abranguen dende o apoio técnico á persoal titular da consellería como outras tarefas de carácter transversal, que afectan a aspectos económicos e orzamentarios, pasa a estar aberto en corpo/escala a Xeral / XSF (escala superior de finanzas), sen que estas modificacións afecten á ocupación do posto nin ao resto das súas características.

E, dentro do centro de destino Asesoría Xurídica, todos os postos de traballo cambian o seu código, pasando de ser FCC0200007 a ser FCC0200008, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ao resto das súas características, agás o disposto no parágrafo seguinte.

En aplicación do previsto na Disposición Adicional Décimo Quinta da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, modifícase o complemento específico do posto de traballo Asesor/a Xurídico/a, código FC.C02.00.007.15770.001 (que pasa a ser FC.C02.00.008.15770.001).

Amortizacións

Na Subdirección Xeral de Política Financeira suprímese o posto de traballo Servizo de Planificación Financeira, código FC.C05.00.001.15770.020, que se atopa vacante.

Ademais, amortízanse os seguintes postos de traballo, que se consideran prescindibles na súa unidade de orixe e que contribúen a unha mellor optimización dos recursos humanos:

- Posto Base Subgrupo A1, código FC.C02.00.000.15770.006, vacante.
- Xefatura de negociado II, código FC.C02.00.000.15770.010, vacante.
- Posto Base Subgrupo C2, código FC.C02.00.000.15770.016, vacante.
- Xefatura de negociado, código FC.C02.00.001.15770.036, vacante.
- Secretario/a Director/a Xeral, código FC.C05.00.000.15770.001, dependente da antiga Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, actualmente non vacante (a persoa titular ocupa outro posto en comisión de servizos) e non ocupado. Esta amortización derívase da supresión da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro.

2.- DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS E FINANCIAMENTO AUTONÓMICO

A continuación expóñense os cambios propostos na Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico.

Creación

Na Subdirección Xeral de Orzamentos, créase o posto de traballo Servizo de Programas Orzamentarios en materia de Emprego e Social, código FC.C03.00.001.15770.020, de nivel 28, con forma de provisión concurso específico, aberto aos subgrupos A1/A2, aberto en corpo/escala a XSF (escala superior de finanzas) / XMF (escala técnica de finanzas), con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG).

Esta xefatura de servizo desempeña funcións como a obtención, análise e agregación de datos, antecedentes, informes e estatísticas precisos para a elaboración dos proxectos de orzamento de gastos da Comunidade Autónoma, a análise das modificacións de crédito propostas e a emisión de informes sobre as súas consecuencias orzamentarias e o seu financiamento. Estas tarefas requiren coñecementos especializados en materia económica, financeira e de contabilidade pública. Por este motivo, o posto debe configurarse como exclusivo da escala técnica ou superior de finanzas. E inclúese nel o complemento específico previsto na Disposición Adicional Décimo Quinta da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Modificacións

Todos os postos de traballo da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico cambian o seu código, pasando de ser FCC04 a ser FCC03, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ao resto das súas características.

Dentro do centro de destino Subdirección Xeral de Orzamentos, o posto de traballo Subdirector/a Xeral de Orzamentos, código FC.C04.00.001.15770.001, cambia o seu código, que pasa a ser FC.C03.00.001.15770.001. Ademais, atendendo ás súas funcións, que requiren coñecementos especializados en materia económica, financeira e de contabilidade pública e privada, pasa a estar aberto en corpo/escala a XSF (escala superior de finanzas), sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ao resto das súas características. E, en aplicación do previsto na Disposición Adicional Décimo Quinta da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, modifícase o complemento específico deste posto de traballo.

Así mesmo, dentro desta subdirección xeral, en aplicación do previsto na Disposición Adicional Décimo Quinta da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, modifícase o complemento específico dos postos de traballo:

- Xefatura do Servizo de Programas Orzamentarios Xerais e do FCI, código FC.C04.00.001.15770.005 (que pasa a ser FC.C03.00.001.15770.001).
- Xefatura do Servizo de Programas Orzamentarios en Materia Sanitaria, código FC.C04.00.001.15770.011 (que pasa a ser FC.C03.00.001.15770.011).

O centro de destino Subdirección Xeral de Recursos e Análise Orzamentaria pasa a denominarse Subdirección Xeral de Financiamento Autonómico, Recursos e Análise Orzamentaria. E, dentro del, o posto Subdirector/a Xeral de Recursos e Análise Orzamentaria, código FC.C04.00.002.15770.001, pasa a denominarse Subdirector/a Xeral de Financiamento

Autonómico, Recursos e Análise Orzamentaria, con código FC.C03.00.002.15770.001. Atendendo ás súas funcións, que requiren coñecementos especializados en materia económica, financeira e de contabilidade pública e privada, pasa a estar aberto en corpo/escala a XSF (escala superior de finanzas), sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ao resto das súas características. E, en aplicación do previsto na Disposición Adicional Décimo Quinta da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, modifícase o complemento específico deste posto de traballo.

Así mesmo, dentro desta subdirección xeral, en aplicación do previsto na Disposición Adicional Décimo Quinta da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, modifícase o complemento específico dos postos de traballo:

- Xefatura do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos, código FC.C04.00.002.15770.013 (que pasa a ser FC.C03.00.002.15770.003).
- Xefatura do Servizo de Normativa e Políticas Orzamentarias, código FC.C04.00.002.15770.019 (que pasa a ser FC.C03.00.002.15770.019).
- Xefatura do Servizo de Sistemas de Financiamento e Taxas e Prezos, código FC.C04.00.002.15770.030 (que pasa pasa a denominarse Servizo de Sistemas de Financiamento, con código FC.C03.00.002.15770.030).

Dentro do centro de destino Subdirección Xeral de Programación Financeira do Sector Público Autonómico e de Seguimento de Políticas de Gasto, o posto de traballo Subdirector/a Xeral de Programación Financeira do Sector Pública Autonómico e de Seguimento de Políticas de Gasto, código FC.C04.00.003.15770.001, cambia o seu código, que pasa a ser FC.C03.00.003.15770.001. Ademais, atendendo ás súas funcións, que requiren coñecementos especializados en materia económica, financeira e de contabilidade pública e privada, pasa a estar aberto en corpo/escala a XSF (escala superior de finanzas), sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ao resto das súas características. E, en aplicación do previsto na Disposición Adicional Décimo Quinta da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, modifícase o complemento específico deste posto de traballo.

Así mesmo, dentro desta subdirección xeral, en aplicación do previsto na Disposición Adicional Décimo Quinta da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, modifícase o complemento específico do posto de traballo denominado Xefatura do Servizo de Seguimento de Políticas de Gasto, código FC.C04.00.003.15770.005 (que pasa a ser FC.C03.00.003.15770.005).

Dentro do centro de destino Subdirección Xeral de Custos de Persoal, o posto de traballo Subdirector/a Xeral de Custos de Persoal, código FC.C04.00.004.15770.001, cambia o seu código, que pasa a ser FC.C03.00.004.15770.001. Ademais, atendendo ás súas funcións, que requiren coñecementos especializados en materia económica, financeira e de contabilidade pública e privada, pasa a estar aberto en corpo/escala a XSF (escala superior de finanzas), sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ao resto das súas características. E, en

aplicación do previsto na Disposición Adicional Décimo Quinta da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, modifícase o complemento específico deste posto de traballo.

Así mesmo, dentro desta subdirección xeral, en aplicación do previsto na Disposición Adicional Décimo Quinta da Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, modifícase o complemento específico dos postos de traballo:

- Xefatura do Servizo de Análise e Seguimento de Gasto de Persoal, código FC.C04.00.004.15770.004 (que pasa a ser FC.C03.00.004.15770.004).
- Xefatura do Servizo de Programación e Orzamentación de Custos de Persoal, código FC.C04.00.004.15770.014 (que pasa a ser FC.C03.00.004.15770.014).

O centro de destino Subdirección Xeral de Planificación pasa a denominarse Subdirección Xeral de Planificación e Análise Económica. E, dentro del, o posto Subdirector/a Xeral de Planificación, código FC.C04.00.005.15770.001, pasa a denominarse Subdirector/a Xeral de Planificación e Análise Económica, co código FC.C03.00.005.15770.001, e, tendo en conta as súas funcións en materia económica, engádese a apertura á escala superior de finanzas, de xeito que pasa a estar aberto en corpo/escala a Xeral / Especial / XSF (escala superior de finanzas), sen que estas modificacións afecten á ocupación do posto nin ao resto das súas características.

O posto de traballo denominado Técnico/a Financeiro/a, código FC.C04.00.002.15770.016, actualmente dependente da Subdirección Xeral de Financiamento Autonómico, Recursos e Análise Orzamentaria, pasa a depender do Servizo de Metodoloxía, Seguimento e Avaliación da Subdirección Xeral de Planificación e Análise Económica, polo que cambia o seu código, que pasa a ser FC.C03.00.005.15770.011. Este posto manterá as funcións que viña desempeñando e asumirá novas actividades de apoio ao servizo do que pasa a depender. En particular, incorporaranse tarefas relacionadas coa planificación e análise económica, que requiren especialización en materia económica e estatística. Estas novas funcións implican a avaliación de datos financeiros e a colaboración na elaboración de informes técnicos e de análise de indicadores. O desempeño eficaz destas funcións fai imprescindible unha formación específica nas áreas financeira e estatística para interpretar e manexar grandes volumes de información económica e financeira. En consecuencia, o posto pasa aberto en corpo/escala a xeral / XSF (escala superior de finanzas) / XMF (escala técnica de finanzas) / XSE (escala superior de estatísticos) / XME (escala técnica de estatísticos). Estas modificacións non afectan á ocupación do posto nin ao resto das súas características.

3.- DIRECCIÓN XERAL DE COHESIÓN E FONDOS EUROPEOS

A continuación expóñense os cambios propostos na Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos.

<u>Creacións</u>

Con dependencia directa da dirección xeral, créase o posto de traballo Servizo de Estudos e Atracción doutras Fontes de Financiamento Europeo, código FC.C04.00.000.15770.015, de nivel 28, con forma de provisión libre designación, aberto aos subgrupos A1/A2, aberto en corpo/escala a xeral / XSE (escala superior de estatísticos) / XME (escala técnica de estatísticos) / XSF (escala superior de finanzas) / XMF (escala técnica de finanzas), con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG). Esta xefatura de servizo depende directamente da dirección xeral, polo que se xustifica a forma de provisión de libre designación, de conformidade coa Instrución Cuarta ("*1. Especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada da Xunta de Galicia. (...) 1.2. Asesoramento e dependencia directa dun alto cargo.*") da Resolución do 25 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións para a tramitación de relacións de postos de traballo e a determinación dos criterios de excepcionalidade e funcións que definen as características que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de libre designación, de nivel 28 ou inferior, da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG número 44, do 4 de marzo de 2016).

Para os fondos da política de cohesión do período 2021-2027, o Regulamento (UE) 2021/1060, do Consello e do Parlamento Europeo, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión das Fronteiras e a Política de Visados (RDC), nos artigos 71 a 75 determina as funcións que lles corresponden ás Autoridades de Xestión dos diferentes programas. Á súa vez, prevé que estas Autoridades de Xestión poidan designar un ou varios Organismos Intermedios para levar a cabo certas tarefas baixo a súa responsabilidade.

Para a xestión e control dos programas dos fondos da política de cohesión que se executan na Comunidade Autónoma de Galicia, corresponden á Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos o exercicio das funcións que os regulamentos comunitarios lles atribúen ás autoridades de xestión, organismos intermedios, organismos coordinadores ou organismos equivalentes en relación con estes programas.

Concretamente, no período de programación de fondos 2021-2027, a Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos exerce as funcións de Organismo Intermedio (OI) respecto ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e ao Fondo de Transición Xusta (FTJ), o que implica unha programación, xestión, seguimento, control e certificación dun total de 2.490,17 M€ entre todos os programas.

As actuacións da dirección xeral están orientadas á consecución das metas establecidas para o ano 2029 para cada unha das prioridades dos programas. Ademais, en cumprimento da normativa europea, a partir de 2024, cada ano deberá superarse o obxectivo da regra N+3 a data 31 de decembro porque, no caso contrario, a parte non executada nese prazo será

obxecto de descompromiso automático por parte da Comisión Europea, coa conseguinte perda de recursos para a comunidade autónoma.

Así mesmo, cómpre ter en conta que a Autoridade de Auditoría dos Programas do período 2014-2020, dentro das auditorías de sistemas, viña reiterando que recomendaba ao OI:

-Reforzar os sistemas de revisión e supervisión de solicitudes de autorización previa, as metodoloxías das opcións de custos simplificados (OCS), a aplicación dos métodos por parte dos organismos xestores, o tratamento dos datos de indicadores e a verificación.
-Completar o desenvolvemento dos sistemas de información para o rexistro dos datos.
-Elaborar e actualizar, entre outros, manuais de procedemento ou de indicadores.
-Garantir a separación de funcións.
-Proporcionar formación aos organismo xestores en todos os ámbitos vinculados aos fondos da política de cohesión.
-Garantir un sistema de avaliación de riscos de irregularidades e fraude adecuado así como medidas proporcionadas contra o fraude.

O Consello de Contas nos informes anuais de fiscalización de fondos europeos incorporaron como recomendación "*Tendo en conta que debido aos retrasos ocorridos na negociación e aprobación do marco financeiro europeo 2021-2027, do plan estratéxico de Galicia e dos principais programas operativos que afectan a nosa Comunidade Autónoma, que foron aprobados ao final do ano 2022, recoméndase tomar as medidas que sexan máis necesarias e axeitadas tales como reforzar a dotación do persoal que participa na súa tramitación, adoptar medidas de simplificación administrativa, e outras concorrentes, coa finalidade de acelerar a execución dos programas operativos e dos instrumentos financeiros europeos na Comunidade Autónoma, para acadar o mellor aproveitamento posible dos recursos europeos en beneficio do tecido produtivo e da cidadanía. Cómpre adaptar a estrutura organizativa da Xunta de Galicia para obter a maior rendibilidade posible no emprego dos recursos financeiros procedentes de Europa*."

Por outro lado a Comisión Europea está a insistir no reforzo da capacidade organizativa dos distintos organismos intermedios para garantir unha xestión eficiente dos recursos dos fondos europeos.

En consecuencia, resulta necesario dispoñer da capacidade administrativa en termos de recursos humanos que permita facer fronte a todas estas funcións adecuadamente, polo que se propón a creación dos postos de traballo que se sinalan a continuación.

Debido a que varios postos de traballo da dirección xeral realizan tarefas relacionadas coa análise e tratamento de información financeira e orzamentaria, de bases de datos e de indicadores estatísticos, varios destes postos ábrense ás escalas de finanzas e de estatística.

Así mesmo, dado o carácter transversal de moitas das actuacións financiadas con fondos europeos, relacionados con aspectos medioambientais, de infraestruturas e I+D+I, por exemplo, varios destes postos ábrense á administración especial.

Deste xeito, dependendo, así mesmo, da dirección xeral créase o seguinte posto de traballo:

- Xefatura de Sección, código FC.C04.00.000.15770.003, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2/C1, aberto en corpo/escala a xeral / XSF (escala superior de finanzas) / XMF (escala técnica de finanzas), con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG).

Dependendo do Servizo de Estudos e Atracción doutras Fontes de Financiamento Europeo créase o seguinte posto de traballo:

- Xefatura de Sección, código FC.C04.00.000.15770.017, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2/C1, aberto en corpo/escala a xeral / XSF (escala superior de finanzas) / XMF (escala técnica de finanzas), con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG).

Dependendo da Subdirección Xeral de Programación, Seguimento e Avaliación de Fondos Europeos créanse os seguintes postos de traballo:

- Xefatura de Sección I, código FC.C04.00.001.15770.002, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2, aberto en corpo/escala a xeral / XSE (escala superior de estatísticos) / XME (escala técnica de estatísticos) / XSF (escala superior de finanzas) / XMF (escala técnica de finanzas), con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG).
- Xefatura de Sección II, código FC.C04.00.001.15770.003, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2, aberto en corpo/escala a xeral / XSE (escala superior de estatísticos) / XME (escala técnica de estatísticos) / XSF (escala superior de finanzas) / XMF (escala técnica de finanzas), con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG).

Dependendo da Subdirección Xeral de Xestión do FEDER créanse os seguintes postos de traballo:

- Xefatura de Sección I, código FC.C04.00.002.15770.002, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2, aberto en corpo/escala a xeral / XSF (escala superior de finanzas) / XMF (escala técnica de finanzas), con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG).
- Xefatura de Sección II, código FC.C04.00.002.15770.003, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2, aberto en corpo/escala a xeral / XSF (escala superior de finanzas) / XMF (escala técnica de finanzas), con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG).

Dependendo da Subdirección Xeral de Xestión do FSE créanse os seguintes postos de traballo:

- Xefatura de Sección I, código FC.C04.00.003.15770.002, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2, aberto en corpo/escala a xeral / XSF (escala superior de finanzas) / XMF (escala técnica de finanzas), con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG).
- Xefatura de Sección II, código FC.C04.00.003.15770.003, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2, aberto en corpo/escala a xeral / XSF (escala superior de finanzas) / XMF (escala técnica de finanzas), con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG).

Dependendo da Subdirección Xeral de Inspección e Control dos Fondos Europeos créanse os seguintes postos de traballo:

- Xefatura de Sección II, código FC.C04.00.004.15770.004, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2/C1, aberto en corpo/escala a xeral / XSF (escala superior de finanzas) / XMF (escala técnica de finanzas), con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG), e en formación específica 954 (permiso de conducir B, R.I.).
  Este posto terá atribuídas funcións de realización de verificacións sobre o terreo, que implica o desprazamento aos lugares onde se realizan as actuacións financiadas con fondos europeos, polo que se esixe permiso de conducir B.

Dependendo do Servizo de Inspección e Control do FEDER créanse os seguintes postos de traballo:

- Xefatura de Sección II, código FC.C04.00.004.15770.009, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1, aberto en corpo/escala a xeral / especial, e en formación específica 954 (permiso de conducir B, R.I.).
  A realización de verificacións sobre o terreo consiste en comprobar a realidade física das actuacións que se financian con fondos europeos. Para a realización dalgunhas destas comprobacións é indispensable dispor de coñecementos específicos en materias concretas, como é o caso das infraestruturas. Por esta razón, créase este posto aberto en corpo/escala a xeral/especial. Ademais, este posto terá atribuídas funcións de realización de verificacións sobre o terreo, que implica o desprazamento aos lugares onde se realizan as actuacións financiadas con fondos europeos, polo que se esixe permiso de conducir B.

Modificacións

Todos os postos de traballo da Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos cambian o seu código, pasando de ser FCC06 a ser FCC04, sen que esta modificación afecte á ocupación dos postos nin ao resto das súas características.

Ademais, o centro de destino Subdirección Xeral de Programación e Coordinación de Fondos Europeos pasa a denominarse Subdirección Xeral de Programación, Seguimento e Avaliación de Fondos Europeos. E, dentro del, o posto de traballo Subdirector/a Xeral de Programación e Coordinación de Fondos Europeos, código FC.C06.00.001.15770.001, pasa a denominarse Subdirector/a Xeral de Programación, Seguimento e Avaliación de Fondos Europeos, co código FC.C04.00.001.15770.001, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ao resto das súas características.

O posto de traballo Xefatura de Sección I, código FC.C06.00.000.15770.002, actualmente dependente da dirección xeral, pasa a depender da Subdirección Xeral de Xestión do FEDER, onde está a desempeñar as súas funcións actualmente, e pasa a denominarse Xefatura de Sección III, código FC.C04.00.002.15770.004, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ao resto das súas características.

O posto de traballo Xefatura de Sección II, código FC.C06.00.000.15770.004, actualmente dependente da dirección xeral, pasa a depender da Subdirección Xeral de Xestión do FSE, onde está a desempeñar as súas funcións actualmente, e pasa a denominarse Xefatura de Sección III, código FC.C04.00.003.15770.004, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ao resto das súas características.

O posto de traballo Xefatura de Sección III, código FC.C06.00.000.15770.006, actualmente dependente da dirección xeral, pasa a depender da Subdirección Xeral de Coordinación e Seguimento dos Fondos NextGenerationEU, onde está a desempeñar as súas funcións actualmente, e pasa a denominarse Xefatura de Sección, código FC.C04.00.005.15770.004, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ao resto das súas características.

Como consecuencia da creación da Xefatura de Sección II, código FC.C04.00.004.15770.004, o posto de traballo Xefatura de Sección, código FC.C04.00.004.15770.003 (antigo FC.C06.00.004.15770.003), pasa a denominarse Xefatura de Sección I, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ao resto das súas características.

E, como consecuencia da creación da Xefatura de Sección II, FC.C04.00.004.15770.009, o posto de traballo Xefatura de Sección, FC.C04.00.004.15770.008 (antigo FC.C06.00.004.15770.008), pasa a denominarse Xefatura de Sección I, sen que esta modificación afecte á ocupación do posto nin ao resto das súas características.

4.- DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL

A continuación expóñense os cambios propostos na Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal.

Creacións

Á Subdirección Xeral de Provisión de Postos e Selección de Persoal correspóndelle, entre outras funcións, a elaboración e tramitación das convocatorias dos concurso ordinarios de traslados e de procesos selectivos para o ingreso no distintos corpos, escalas e categoría e a preparación das convocatorias para a elaboración de listas e desenvolvemento de traballos relativos á cobertura temporal de postos, segundo dispón o artigo polo Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública.

Dentro desta subdirección xeral, atendendo ás súas funcións, persoal e carga de traballo, creánse no Servizo de Listas de Contratación Temporal os seguintes postos de traballo:

- Xefatura de Sección Listas IV, código FC.C05.00.003.15770.058, de nivel 25, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A1/A2/C1, aberto en corpo/escala a xeral, con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Persoal.
- Xefatura de Negociado IX, código FC.C05.00.003.15770.060, de nivel 18, con forma de provisión concurso, aberto aos subgrupos A2/C1/C2, aberto en corpo/escala a xeral,

con adscrición exclusiva a funcionarios da Xunta de Galicia (AXG) e área funcional Persoal.

